

RESOLUCION DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR DA CORUÑA POLA QUE SE ESTABECE O CALENDARIO PARA A RENOVACIÓN DOS PERMISOS DE EXPLOTACION DE RECURSOS ESPECÍFICOS A PÉ NAS MODALIDADES DE PERCEBE, OURIZO, ANEMONES, POLIQUETOS E ALGAS PARA O ANO 2024

1. CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1.1 Segundo o disposto no artigo 17.1 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, esta xefatura territorial no exercicio das súas competencias, **acorda establecer o calendario** e lugar de presentación de solicitudes **para a renovación dos permisos de explotación a pé para recursos específicos.**

2. CALENDARIO PARA A RENOVACIÓN DOS PERMISOS DE PERCEBE A PÉ:

Para a súa tramitación, as solicitudes deberán ser enviadas ás xefaturas indicadas a continuación, e presentaranse directamente ou a través das entidades asociativas do sector.

Lugar de presentación:

Xefatura Territorial de A Coruña

Do 10 de maio ao 31 de maio de 2023:

- Confraría de pescadores de Coruña.
- Confraría de pescadores de Caión.
- Confraría de pescadores de Malpica.
- Confraría de pescadores de Corme.
- Confraría de pescadores de Muxía.
- Confraría de pescadores de Fisterra.

Lugar de presentación:

Xefatura Comarcal do Mar de Ribeira

Do 10 de maio ao 31 de maio de 2023:

- Confraría de pescadores de O Pindo
- Confraría de pescadores de Lira
- Confraría de pescadores de Muros
- Confraría de pescadores de Porto do Son



Lugar de presentación:

Xefatura Comarcal do Mar de Ferrol

Do 10 de maio ao 31 de maio de 2023:

- Confraría de pescadores de Ferrol

3. CALENDARIO PARA A RENOVACIÓN DOS PERMISOS DE OURIZO A PÉ:

Para a súa tramitación, as solicitudes deberán ser enviadas ás xefaturas indicadas a continuación, e presentaranse directamente ou a través das entidades asociativas do sector.

Lugar de presentación:

Xefatura Territorial de A Coruña

Do 10 de maio ao 31 de maio de 2023:

- Confraría de pescadores de Malpica

Lugar de presentación:

Xefatura Comarcal do Mar de Ribeira

Do 10 de maio ao 31 de maio de 2023:

- Confraría de pescadores de O Pindo
- Confraría de pescadores de Lira

4. CALENDARIO PARA A RENOVACIÓN DOS PERMISOS DE ANEMONES A PÉ:

Para a súa tramitación, as solicitudes deberán ser enviadas ás xefaturas indicadas a continuación, e presentaranse directamente ou a través das entidades asociativas do sector.

Lugar de presentación:

Xefatura Territorial de A Coruña

Do 10 de maio ao 31 de maio de 2023:

- Confraría de pescadores de Corcubión
- Confraría de pescadores de Malpica

Lugar de presentación:

Xefatura Comarcal do Mar de Ribeira

Do 10 de maio ao 31 de maio de 2023:

- Confraría de pescadores de Lira



5. CALENDARIO PARA A RENOVACIÓN DOS PERMISOS DE POLIQUETOS A PÉ:

Para a súa tramitación, as solicitudes deberán ser enviadas ás xefaturas indicadas a continuación, e presentaranse directamente ou a través das entidades asociativas do sector.

Lugar de presentación:

Xefatura Territorial de A Coruña

Do 10 de maio ao 31 de maio de 2023:

- Confraría de pescadores de Miño
- Confraría de pescadores A Coruña
- Confraría de pescadores de Malpica
- Confraría de pescadores de Corme
- Confraría de pescadores de Camelle
- Confraría de pescadores de Muxía.

Lugar de presentación:

Xefatura Comarcal do Mar de Ribeira

Do 10 de maio ao 31 de maio de 2023:

- Confraría de pescadores de Lira
- Confraría de pescadores de O Pindo
- Confraría de pescadores de Porto do Son

6. CALENDARIO PARA A RENOVACIÓN DOS PERMISOS DE ALGAS A PÉ:

Para a súa tramitación, as solicitudes deberán ser enviadas ás xefaturas indicadas a continuación, e presentaranse directamente ou a través das entidades asociativas do sector.

Lugar de presentación:

Xefatura Territorial de A Coruña

Do 10 de maio ao 31 de maio de 2023:

- Confraría de pescadores de Corcubión.



7. Para a renovación dos permisos deberase presentar a seguinte documentación:

7.1. Modelo ou formulario de solicitude normalizada: ANEXO II da Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación de recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. Dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) (anexado á presente resolución e dispoñible na seguinte dirección (<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PE401B>)).

Conforme ás Aclaracións do 10 de marzo de 2021 do Servizo de Xestión de Recursos Marisqueiros da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro sobre a presentación de solicitudes relativas aos permisos de explotación a pé de marisqueo xeral e de recursos específicos, neste formulario se marcará:

- A confraría/ entidade de pertenza.
- A modalidade do permiso sobre o que se quere facer o trámite (Percebe, ourizo, anémones, poliquetos, algas).
- Na sección do obxecto da solicitude: a actuación concreta que se pretenda realizar (Renovación).

As solicitudes virán acompañadas da documentación xustificativa necesaria en cada caso, e que se detalla ao longo da presente Resolución.

Logo da solicitude, as actuacións posteriores que podan xurdir durante a tramitación do procedemento (*Emenda ao requirimento, achega de documentación separada, alegacións, etc.*) presentaranse tamén de xeito electrónico a través das accións asociadas a solicitude inicial, accedendo na SEDE a "A miña sede", localizando a solicitude e seleccionando en "Accións" a actuación a realizar.

Cando a persoa solicitante actúe designando a unha persoa representante para a tramitación do procedemento achegárase o formulario normalizado correspondente de representación (Dispoñible en <https://sede.xunta.gal/ficheiros/modelos-normalizados/Representacion-G.pdf>), que deberá asinarse pola persoa representante e pola persoa outorgante da representación.

En todo caso, aínda que outra persoa física ou xurídica actúe como representante, tanto na solicitude como nas accións posteriores, a persoa que debe figurar como solicitante nas presentacións é a titular do permiso.

7.2. Xustificante de abono da taxa correspondente, agás no caso de que o pagamento se realizase de xeito telemático.

7.3. Acreditación de ter realizada unha actividade extractiva suficiente, entendendo por esta a que se realiza durante un mínimo dun 70% dos días de actividade laboral efectiva dentro do plan de xestión da súa entidade organizativa. Dita porcentaxe calcularase a partir da información da que dispón a Consellería do Mar sobre as vendas realizadas durante o ano natural anterior á solicitude (ano 2022).



7.4. Informe de vida laboral con data do mes da solicitude. Non será necesario presentar esta documentación no caso de consentimento expreso da persoa interesada para que esta consellería consulte estes datos.

7.5. De ser o caso, documentación que xustifique o tempo durante o cal a persoa titular permanecese inactiva por causa imprevisible ou inevitable debidamente xustificada, por violencia de xénero, e por atoparse nalgunha das seguintes situacións protexidas pola Seguridade Social: incapacidade temporal, maternidade ou paternidade, por nacemento de fillo/a, adopción ou acollemento, risco durante o embarazo ou risco durante a lactación natural.

7.6. Certificado da Seguridade Social de non ser perceptor de pensións de xubilación, grande invalidez, incapacidade permanente absoluta, incapacidade permanente total, en favor de familiares ou perceptor da renda de integración social de Galicia. Non será necesario presentar esta documentación no caso de consentimento expreso da persoa interesada para que esta consellería consulte estes datos.

7.7. De ser o caso, os días dedicados polas persoas mariscadoras a actividades de turismo mariñeiro e/ou aos labores de control da actividade extractiva terán a consideración de días de actividade marisqueira para os efectos de renovación do permiso de explotación a pé para recursos específicos e computarán para a dita renovación cando coincidan cun día de actividade extractiva.

7.8. De ser o caso, os días dedicados polas persoas percebeiras á extracción de semente de mexillón computarán para a renovación do permiso de explotación a pé para percebe cando coincidan cun día de actividade extractiva.

7.9. De acordo coa Orde de 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación de recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, para os permisos de explotación a pé de recursos específicos non é preciso achegar fotografías tamaño carné (artigo 8 e anexo I da citada Orde).

7.10. O artigo 10 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, establece a obrigatoriedade para os traballadores autónomos de relacionarse a través de medios electrónicos no ámbito do sector público autonómico.

Así, as solicitudes e a documentación acreditativa, deberán presentarse por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Para a presentación das solicitudes será necesario o Documento Nacional de Identidade electrónico (DNIe) ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia.



7.11. Xunto á documentación requirida e no mesmo prazo proposto de presentación, as entidades asociativas do sector deberán achegar a seguinte documentación:

- Certificación dos días hábiles de extracción a pé para cada modalidade de recurso específico por mes traballado durante o ano 2022.
- Certificación da agrupación sectorial, de estar constituída, e da entidade titular do plan de xestión da porcentaxe dos días dedicados ás actividades de semicultivo e os traballos de control, protección e vixilancia, con expresión das datas dedicadas ás tarefas durante o ano 2022, naqueles casos nos que no plan de xestión aprobado se especificase que computarían como días de actividade a efectos de renovación do permiso de explotación. Así mesmo, incluírase a información necesaria sobre o desenvolvemento das actividades, que permita calcular se a persoa solicitante cumpre a porcentaxe necesaria para renovar o permiso de explotación.
- De ser o caso, tamén deberán achegar certificación en que se faga constar os días dedicados a actividades de turismo mariñeiro e/ou aos labores de control da actividade extractiva así como dos días dedicados á extracción de semente de mexillón. O documento será asinado polo/a presidenta/e da agrupación sectorial, de estar constituída, ou, en caso contrario, pola persoa representante da confraría ou entidade asociativa e incluírá a información necesaria que permita comprobar se a persoa solicitante asistiu a actividades de turismo mariñeiro e/ou aos labores de control.
- De ser o caso, certificación individualizada da agrupación sectorial, de estar constituída, e da entidade titular do plan de xestión conforme o solicitante cumpriu coas prescricións específicas de obrigado cumprimento contidas no plan de xestión do ano 2022.

8. Para a renovación dos permisos de explotación que tamén solicitan a suspensión temporal da súa vixencia: novas solicitudes e prórrogas

Aquelas persoas que se atopen nunha situación de suspensión temporal da vixencia do permiso de explotación, xa sexa unha nova solicitude ou unha prórroga da suspensión concedida, **xunto co formulario de solicitude de renovación deberán presentar por separado outro formulario de solicitude de suspensión**, é dicir, presentaranse dúas solicitudes PE401B independentes: unha co obxecto da renovación, e outra co obxecto da suspensión, coa seguinte documentación:

- **Documentación que acredite a situación** que xera o dereito á concesión da suspensión temporal da vixencia do seu permiso de explotación ou que se mantén a situación que levou á concesión da suspensión, segundo sexa unha nova solicitude ou unha prórroga respectivamente.
- **Certificado da entidade titular do plan de xestión** conforme está ao día nas súas obrigas como socio/a da confraría, entidade ou agrupación na que estea integrada.



Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios da xefatura territorial, xefaturas comarcais correspondentes e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>. A resolución tamén deberá estar exposta nos taboleiros de anuncios de ditas entidades asociativas, durante o prazo de presentación de solicitudes.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante a conselleira do Mar no prazo de un (1) mes, contado desde o día seguinte da súa publicación no taboleiro de anuncios desta xefatura territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>, de acordo co establecido nos artigos 121 e 122 e seguintes da citada Lei 39/2015, do 1 de outubro.

A xefa territorial
María José Cancelo Baquero
(sinatura dixital)

Xefatura Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000
xfaturaterritorial.mar.coruna@xunta.gal

